



## **A cidade portuguesa de Porto acollerá do 12 ao 14 de maio a II Conferencia Ibergrid**

Javier García Tobío, director do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), non oculta a súa gran satisfacción polo resultado do I Congreso de Ibergrid que desde o luns e ata hoxe mércores se levou a cabo no Pazo de Congresos de Santiago de Compostela. O responsable do centro asegura sentirse “sorprendido” porque a organización deste evento, ao que asistiron máis de 150 persoas durante os tres días, realizouse con moi pouco tempo.

García Tobío lembra que foi en novembro de 2006 cando os gobernos español e portugués decidiron que este primeiro congreso se ubicase en Galicia. “En apenas 5 meses puxemos en marcha un evento científico que contou coa presenza das máis grandes autoridades e expertos en grid e as tecnoloxías e investigacións máis avanzadas do sector”, explica, facendo especial mención ao padre da rede grid, Ian Foster, que ofreceu unha conferencia o primeiro día e asistiu ao congreso para coñecer os pareceres e sensacións dalgúns dos seus colegas.

O director xerente do Cesga informa de que para este congreso presentáronse 54 artigos “moi bos” dos que houbo que seleccionar 32, 11 póster e estiveron presentes 11 poñentes de renome mundial, como o propio Ian Foster. Javier García Tobío resalta, ademais, que a organización deste evento contou co respaldo e colaboración de catro administracións: A Unión Europea, o Goberno español, o Goberno portugués e a propia Xunta de Galicia.

García Tobío explica que este I Congreso Ibergrid recaeu no Cesga “por unha razón case natural”. Recorda que ningún dos responsables do acordo dubidou en sinalar a Galicia como ubicación ideal pola súa proximidade e afinidade co país veciño.

Na cerimonia de clausura falaron o director xeral de I+D da Xunta de Galicia, Salustiano Mato de la Iglesia, e Gaspar Barreira, do Laboratorio de Instrumentación e Física Experimental de Partículas de Portugal. Salustiano Mato calificou de “exitoso” o evento polo gran interese despertado e reiterou o compromiso do Goberno autonómico de Galicia de seguir apostando pola investigación e a tecnoloxía. Segundo explicou, a Dirección Xeral de I+D+i contribúe co financiamento que permitirá o enlace entre España e Portugal a través de Galicia para que a rede Ibergrid se materialice.

Pola súa banda, Gaspar Barreira anunciou a data e lugar da II Conferencia Ibergrid, que se levará a cabo do 12 ao 14 de maio de 2008 na cidade portuguesa de Porto. A Universidade de Porto será a encargada de organizar o evento.